

1 Le o regulamento da biblioteca e fíxate en que algunhas das normas non se len ben.

**Servizo de préstamo da biblioteca da aula**

O servizo de préstamo é unha das actividades de animación á lectura que organiza a Escola O Mar. Farase en cada aula, seguindo estas normas.

**NORMAS DE USO**

1. Escolleremos un bibliotecario cada semana, que será o encargado de anotar que libros levan os alumnos.
2. סבב ספרים כולל את כל הספרים שיש בבית הספר ויש להם מספרים.
3. יש לקחת ספרים רק לשימוש אישי ולא להעתיקם.
4. יש להחזיר ספרים למספרם המקורי.
5. Se un neno non devolve un libro na data que corresponde, non poderá coller outro ata o devolva ou o repaña.

2 Escribe as normas do cartel anterior que non se len ben.

.....

.....

.....

.....

3 Le en espiral e responde as preguntas.

O	Ñ	E	R	R	A	P	N	A	R
N	I	F	E	D	O	L	L	E	F
A	M	O	O	R	B	I	L	V	E
C	I	L	B	I	B	A	O	O	D
A	S	I	A	R	U	N	A	I	S
S	T	O	C	L	A	U	L	R	O
A	E	T	O	L	L	E	U	E	X
L	R	E	C	A	D	A	A	T	U
D	I	O	D	O	C	E	M	I	B
E	R	R	E	Y	C	O	S	D	E

• Que libro colleu Laura na biblioteca?

.....

• De onde o colleu?

.....

• Quen é a autora?

.....

• Quen fixo os debuxos?

.....

- 1 Le atentamente este texto e fíxate nas palabras destacadas.

### Sabías que...

1. Desde que deixas a bolsa do lixo no **contedor** ata que se recicla, o seu contido percorre un longo camiño ata que se converte en novo material reciclado.
2. A parte fundamental de todo este traballo lévase a cabo en plantas de **reciclaxe**, onde chegan os camións con todo o **lixo** recollido dos contedores.
3. A separación do lixo faise de maneira practicamente manual, polo que tirando os **desperdicios** no contedor axeitado lles facilitamos moito o traballo aos operarios desas **plantas**.
4. Moitos dos **vidros** que botamos ao lixo converteranse en novas botellas pasado un tempo, e os papeis e os **cartóns** tamén se reciclarán. O mesmo acontece cos **plásticos**.
5. A maior parte da materia **orgánica** que botamos ao lixo fermenta e convértese en compost, un fertilizante que se vende despois aos agricultores para poder levar a cabo as súas **colleitas**.

- 2 Tapa o texto e escribe as palabras destacadas que recordes.

.....

.....

- 3 Sen destapar o texto, numera as oracións seguindo a orde en que aparecen.

- A parte fundamental de todo este traballo lévase a cabo en plantas de reciclaxe.
- O lixo fermenta e convértese en compost.
- Os papeis e os cartóns tamén se reciclarán.
- O seu contido percorre un longo camiño.
- A separación do lixo faise de maneira practicamente manual.
- Chegan os camións con todo o lixo recollido dos contedores.
- Lles facilitamos moito o traballo aos operarios desas plantas.

- 1 Este texto está medio borrado, pero aínda así seguro que o podes ler sen problemas. Intenta facelo tan rápido como poidas.

Cando aforramos enerxía estamos facendo un favor ao planeta e a nós mesmos que o habitamos. Seguindo uns breves consellos que podemos aplicar ao noso día a día axudaremos a reducir as emisións de CO<sub>2</sub> tan nocivas para o medio ambiente. Por exemplo, se nechamos a billa mentres lavamos os dentes, contribuiremos a aforrar auga. Unha maneira de aforrar electricidade é desenchufar aparellos como a televisión ou o ordenador mentres non os empregamos, ou apagar as luces dos cuartos se non hai ninguén neles. Tamén aforramos se non poñemos en funcionamento a lavalouza ata que estea chea de pratos e cubertos, ou se evitamos deixar aberta a porta da neveira. Cando poñemos a calefacción, hai que asegurarse de que ninouña ventá da casa estea aberta para que non escape a calor. Seguindo estes consellos, todos axudaremos a manter en bo estado de saúde o noso planeta.

- 2 Responde estas preguntas sobre o texto que acabas de ler.

- A quen facemos un favor cando aforramos enerxía?

.....

- Que podemos reducir seguindo estes consellos?

.....

- Cando debemos poñer en funcionamento a lavalouza?

.....

- Cal é un bo xeito de aforrar electricidade?

.....

- Que conseguiremos se seguimos estes consellos?

.....